

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

María do Cebreiro: O libro das chinesas

O barrio como libro das amigas

O barrio das chinesas

María do Cebreiro

El Correo Gallego / Concello de Santiago, 2005. 119 páxs.

No mes de maio deste 2005 presentou María do Cebreiro *O barrio das chinesas*, unha anovadora aposta desta poeta no campo literario galego, como xa vén facendo dende o seu primeiro libro, *O estadio do espello* (1998). Mais desta vez estréase cun novo formato e dentro dunha colección que está apostando por propostas frescas neste comezo de século. Refírome á colección Poeta en Compostela editada polo concello de Santiago de Compostela e o grupo Correo Gallego, que cada mes se pode adquirir co xornal *Galicia Hoxe*.

- 17:02 13/07/2005

A primeira referencia que temos de *O barrio das chinesas* atópase no seu anterior poemario de María do Cebreiro, *Non queres que o poema te coñeza* (II Premio Caixanova 2003), en concreto nos "Capítulos prescindibles" (páx. 131-139): "Despois de *Nós, as inadaptadas* e antes de *Non queres que o poema te coñeza*, cónstame que escribiu *O barrio das chinesas* ("A miña particular contribución ao orientalismo") e *Mapa mudo*. Estes dous últimos proxectos comezaron sendo un, chamado *Atlas*. De feito, María está convencida de que o grande tema da literatura contemporánea é a xeografía-ficción, como o demostra, por exemplo, a escrita de Sebald, un dos seus novelistas preferidos. Do *Barrio das chinesas* pouco máis direi, xa que me toca moi de preto".

O *Barrio* ten dúas entradas a forma de prólogo ou limiar. Un a sotavento ("María enrestrada") escrito por Helena González; e outro a barlovento ("Limiar"), da autoría de Xabier Cordal. Nestes dous paratextos faise unha valoración xeral da obra de María do Cebreiro e apúntase unha serie de características do poemario: diálogo co repertorio literario galego, máis en concreto coa escrita de muller, coa literatura universal; o talento musical, etc.

O poemario está integrado por 63 textos e unha derreadeira composición "nota da autora", na que se presenta unha conclusión final da obra, definíndoa como "libro das amigas". Isto pode interpretarse como unha conversa entre o texto de María do Cebreiro e o *Libro dos amigos* de Otero Pedrayo do ano 1953. Se ben a poeta xa ten establecido un diálogo crítico coa xeración Nós, ou a dos patriarcas, en *Nós, as inadaptadas* (xogando desta vez co texto de Risco), aquí vai dialogar con Otero. Pódese considerar este trazo dentro da estética crítica co patriarcado ou de Re-creating-ourselves, termo acuñado por Molar

Ogundipe.

No primeiro texto ("Arte de camiñar (breve poema dos pasos)") fai presentación do poemario, denominándoo *Atlas*, para no seguinte poema ("Sen título. Técnica mixta") autoidentificarse como "chinesa" mais rompendo a barreira ficticia do xénero ("Todos somos chinesas"). Establece asemade diálogo coa súa obra anterior, en concreto con *Nós, as inadaptadas* no verso: "nosoutros, nós, vosoutras" e tamén á inversa cando se invoca a figura oriental da chinesa ("vivo agora no imperio das sombras orientais" páx. 28 de *Nós, as inadaptadas*).

O libro das amigas dá comezo neste grande apartado que leva por título Xohana Torres, poeta reclamada por María do Cebreiro dende *O estado do espello* ("Ás veces a miña nai, pra se despedir, / invoca a xohana torres / (adiós, adiós maría)", páx. 51). E as amigas son moitas e moi variadas, como o atlas que tece en todo o poemario: a primeira Rosalía de Castro, e despois unha cesta de amigas/os que agroman en todos os poemas.

Mais o lector non vai atopar apenas referencias a amigas, a poeta aprofundiza en características que foron xurdindo na súa traxectoria literaria. Considero que hai unha evolución poética que se reflicte na maduración da voz lírica como se dun pexego se tratar. Se ben n❖ *O estado do espello* fala unha "moza" que se interroga a si mesma diante do espello, para despois se enfrontar como inadaptada ao mundo, vai ser neste poemario e tamén en *Non queres que o poema te coñeza*, onde se fai visíbel unha voz máis madura.

É indiscutíbel a creación dun universo propio na obra de María do Cebreiro. Como se for unha canteira, traballa o poema e achégalle os trazos singulares da súa voz: escrita de muller, diálogo coa literatura galega e universal, a música, os elementos simbólicos indispensábeis (mercurio, cristal, vento, chuvia e flor dentro dun cuarto-corpo que non ten interior), en resumo a creación dun atlas xeográfico (ver "O tempo do poema non é o tempo da vida") e humano (barrio das chinesas: Compostela-Barcelona-New York-La Habana como arrabalde inadaptada e mestura de diferentes razas).

Aconséllvos unha tarde de paseo para vos adentrar neste barrio.